

INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30/09/2017 E PROXECCIÓN A 31/12/2017

- [Proposta da Presidencia.](#)
- [Informe de Intervención.](#)
- [Ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior.](#)
- [Certificado do acordo plenario.](#)



**O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

PROPOSTA DA PRESIDENCIA

**ASUNTO: Informe sobre xestión orzamentaria e proposta de acordo.
(Situación a 30/09/2017 e proxección a 31/12/2017)**

ORGANO COMPETENTE: Pleno Corporativo.

I.- CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Ao longo do presente exercicio adoptáronse distintos acordos en materia orzamentaria de singular transcendencia, cuxo contido e alcance debe ser obxecto dunha análise conxunta e pormenorizada:

1. En sesión plenaria do 18 de novembro de 2016 aprobouse inicialmente o Orzamento provincial para o exercicio 2017 e o día 28 de decembro publicouse no Boletín Oficial da Provincia a súa aprobación definitiva.
2. A través de Resolución da Presidencia número 2.697, do 25 de xaneiro de 2017 aprobouse a Liquidación de gastos e ingresos do Orzamento do exercicio 2016.

II.- INDICADORES DO ORZAMENTO 2016

En relación co orzamento definitivamente aprobado para o exercicio 2017 faise necesario efectuar distintas consideracións sobre as magnitudes de estabilidade orzamentaria, evolución do gasto e volume da débeda:

- 1^a O orzamento presentouse formal e materialmente equilibrado e ascenden os ingresos e gastos iniciais a 176.515.000,00 €.
- 2^a Os recursos non financeiros (176.316.150,00€) permiten atender a totalidade dos gastos de carácter non financeiro (154.434.229,00€) e xérase unha capacidade de financiamento de 21.881.921,00 €
- 3^a As previsións iniciais do Orzamento cumpren o obxectivo da regra de gasto para o exercicio 2017 cunha marxe de 575.854,31 € e o obxectivo de estabilidade orzamentaria cunha capacidade de financiamento de 24.934.191,52 €.



O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

4ª O aforro bruto e o aforro neto do exercicio son positivos e pon de manifesto a capacidade de financiamento dos recursos permanentes para atender os gastos deste carácter, o que expresa un superávit estrutural significativo.

5º Inclúese o fondo de continxencia cunha dotación de 3.530.000,00 €

O Orzamento do exercicio 2017 cumpre, por tanto, con todos os requisitos da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e expresa de forma elocuente o firme compromiso desta Corporación coas normas de boa xestión orzamentaria e financeira, compatibles co investimento posible para atender as necesidades de infraestruturas e servizos que requiren as competencias provinciais.

III.- A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2016

A liquidación de gastos e ingresos do Orzamento do exercicio 2016 pon de manifesto os resultados da xestión dun exercicio singular e complexo no que a actividade prioritaria se orienta aos servizos sociais e aos servizos municipais esenciais. Os resultados obtidos caracterízanse polos seguintes indicadores:

1. O resultado orzamentario do exercicio (sen axustes) é positivo e ascende a 53.808.941,92€. O resultado orzamentario axustado tamén é positivo e elévase a 69.411.904,97€.
2. O remanente de tesourería total do exercicio ascende a 263.666.039,91€ dos que 259.851.867,76€ corresponden ao remanente de tesourería para gastos xerais. Esta magnitude dedícase inicialmente aos seguintes fins, tal e como se expresa na resolución de aprobación:

“SEGUNDO: Con base nos datos obtidos sobre a cualificación de remanentes de 2016, de conformidade co establecido na Base 37ª de execución do orzamento provincial e en aplicación ao principio de prudencia, aprobar a afectación do REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS ao financiamento dos gastos comprendidos nas situacións que deseguido se detallan e as reservas que se expresan, polos importes que se indican:



**O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

A) REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	259.851.867,76 €
B) RESERVAS	253.070.500,81 €
1) Financiamento complementario para a incorporación de remanentes de incorporación obrigatoria	325.493,31 €
2) Incorporación de remanentes relativos a gastos comprometidos durante 2016	54.804.169,70 €
3) Remanentes de crédito producidos durante 2016 que quedaran en "Fase A" teñan carácter incorporable	45.099.869,21 €
4) Incorporación de remanentes relativos a gastos en "Fase RC" de 2016 con carácter incorporable	49.285.474,94 €
5) Reserva de remanente para financiamento de compromisos de gasto adquiridos en exercicios anteriores a 1-1-16, non incorporables e pendentes de execución.	15.165.093,14 €
6) Reserva de remanente para financiamento de autorizacións de gasto adquiridas no ano 2016 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de comprometer	6.317.641,30 €
7) Reserva de remanente para financiamento de RC de gastos adquiridos no ano 2016 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de autorizar	11.571.461,87 €
8) Importe do saldo a 31/12/2016 da conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento"	303.037,78 €
9) Reserva do importe de superávit orzamentario por operacións non financeiras (Art. 32 L.O. 2/2012)	70.198.259,56 €
C) REMANENTE DE TESOURERÍA DISPOÑIBLE (A-B)	<u>6.781.366,95 €</u>

A contía resultante para financiar novos gastos (apartado 9) poderá incrementarse nos importes que as unidades xestoras consideren que non son necesarios para atender os gastos contemplados nos puntos 3, 4, 6 e 7 anteriormente citados."

3. Os recursos non financeiros permitiron financiar a totalidade dos gastos non financeiros e xeraron un superávit de operacións non financeiras de 70.198.259,56€
4. O aforro bruto e o aforro neto do exercicio foron positivos e expresan a real e efectiva capacidade de financiamento dos gastos estruturais con ingresos de carácter permanente.

A liquidación do orzamento do exercicio 2016, en consecuencia, cumpre todos os requirimentos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e expresan a



**O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

realidade práctica dos obxectivos formulados e o cumprimento estrito dos compromisos contraídos ao formular o orzamento dun ano difícil, complexo e cheo de retos novos.

IV.- OUTRAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

Ata o 30 de setembro tramitáronse, aprobáronse e contabilizáronse 20 Expedientes de modificación de crédito cuxo detalle se expresa a continuación:

Nº Expediente	Data	Situación	Data Contabilización	Total expediente	Financiamento	
01- IR	19/01/2017	Contabilizado	08/02/2017	133.285.886,44	CI	7.282.878,04
					RTX	126.002.059,19
					RTA	102.949,21
02- AP/2	10/02/2017	Contabilizado	27/03/2017	52.839.294,21	RTX	
03- TC	23/02/2017	Contabilizado	07/03/2017	16.000,00		
04- XC	07/03/2017	Contabilizado	09/03/2017	5.564,51	CI: 450,80	
05- XC	15/03/2017	Contabilizado	22/03/2017	228.411,67	CI: 762,00	
06- TC	28/03/2017	Contabilizado	31/03/2017	165.000,00		
07-AP/2	05/04/2017	Contabilizado	30/05/2017	8.061.744,00	RTX	8.056.744,00
					BA	5.000,00
08-AP/3	26/05/2017	Contabilizado	06/07/2017	28.279.739,15	RTX	2.714.405,63
					BA	25.565.333,52
09- TC	29/05/2017	Contabilizado	01/06/2017	52.000,00		
10- TC	31/05/2017	Contabilizado	07/06/2017	2.000,00		
11- TC	07/06/2017	Contabilizado	08/06/2017	75.000,00		
12- IR/	14/06/2017	Contabilizado	04/07/2017	1.455.771,35	CI	59.978,74
					RTX	1.376.543,13
					RTA	19.249,48
13- TC	22/06/2017	Contabilizado	04/07/2017	20.000,00		
14- XC	13/07/2017	Contabilizado	17/07/2017	106.628,00	CI: 450,51	
15- TC	08/08/2017	Contabilizado	09/08/2017	70.000,00		
16- TC	23/08/2017	Contabilizado	23/08/2017	36.035,00		
17- TC	11/09/2017	Contabilizado	12/09/2017	48.000,00		
19- TC	26/09/2017	Contabilizado	27/09/2017	10.000,00		
20- TC	26/09/2017	Contabilizado	27/09/2017	65.600,00		
21- TC	28/09/2017	Contabilizado	29/09/2017	20.000,00		

Modificacións

IR	Incorporación remanentes
AP	Aprobación polo Pleno
XC	Xeración de crédito
TC	Transferencia de crédito

Financiamento:

RTX	Remanente de tesourería xeral
RTA	Remanente de tesourería afectado
CI	Compromiso de ingreso
BA	Baixa por anulación

A Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro de control da débeda comercial no sector público establece:



**O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

1º.-No seu artigo primeiro, apartado quince, unha nova Disposición adicional sexta na Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, do seguinte teor:

“1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás corporacións locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

- a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*
- b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta lei.*

2. No ano 2014, para os efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

- a) As Corporacións locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.*
- b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior se mantivese con signo positivo e a Corporación local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortización operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.*
- c) Se cumprido o establecido nas letras a) e b) anteriores a Corporación local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable. Para estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.*

Para aplicar o dito no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións locais que no exercicio 2013 cumpran co dito no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co dito no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme as regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co citado nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable para efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de orzamentos xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación establecido neste artigo”



**O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

2º.-Na súa Disposición final terceira recolle unha modificación da Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, para engadir, ás infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria tipificadas no seu artigo 28, dous novos parágrafos:

«f) O incumprimento da obrigaón de destinar integramente os ingresos obtidos por riba dos previstos no orzamento á redución do nivel de débeda pública de conformidade co establecido no artigo 12.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e o incumprimento da obrigaón do destino do superávit orzamentario á redución do nivel de endebedamento neto nos termos dispostos no artigo 32 e a disposición adicional sexta da citada lei.

n) A non adopción no prazo establecido do acordo de non dispoñibilidade ao que se refiren os artigos 20.5.a) e 25 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, así como a non constitución do depósito disposto no citado artigo 25 da mesma lei, cando así se solicitou.»

Máis recentemente aprobouse e publicouse o “Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica”, cuxa disposición final primeira modifica o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2014, no sentido de engadir unha nova disposición final décimo sexta para concretar os requisitos dos “investimentos financiamento sustentable” que poden financiarse con superávit orzamentario para os efectos do disposto na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira:

“Para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, entenderase por investimento financeiramente sustentable a que cumpra todos os requisitos seguintes:

1. Que o investimento se realice, en todo caso, por entidades locais que estean ao corrente no cumprimento das súas obrigaóns tributarias e coa Seguridade Social. Ademais, deberá ter reflexo orzamentario nos seguintes grupos de programas recollidos no anexo I da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos da entidades locais:

Orde HAP 419/2014

161. Saneamento, abastecemento e distribución de augas.	160/161
162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos.	162
165. Iluminación pública.	165
172. Protección e mellora do medio.	172
412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.	412
422. Industria.	422
425. Enerxía.	425
431. Comercio.	431
432. Ordenación e promoción turística.	432
441. Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte.	441
442. Infraestruturas do transporte.	442
452. Recursos hidráulicos.	452
463. Investigación científica, técnica e aplicada.	463
491. Sociedade da información.	451
492. Xestión do coñecemento.	492
O investimento poderá ter reflexo orzamentario nalgún dos grupos de programas seguintes:	
133. Ordenación do tráfico e do estacionamento.	133



**O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

155. Vías públicas.	153
171. Parques e xardíns.	171
336. Protección do Patrimonio Histórico-Artístico	336
453. Estradas.	453
454. Camiños veciñais.	454
933. Xestión do patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público.	933

Cando o gasto de investimento nestes grupos de programas, considerados en conxunto, sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2. Quedan excluídas tanto os investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos como as que se refiran a adquisición de mobiliario, apeiros e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte.

3. O gasto que se realice deberá ser imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación local.

De forma excepcional poderán incluírse tamén indemnizacións ou compensacións por rescisión de relacións contractuais, imputables noutros capítulos do orzamento da Corporación local, sempre que estas teñan carácter complementario e se deriven directamente de actuacións de reorganización de medios ou procesos asociados ao investimento acometido.

No caso das Deputacións provinciais, Consellos e Cabidos insulares poderán incluír gasto imputable tamén no capítulo 6 e 7 do estado de gastos dos seus orzamentos xerais destinadas a financiar investimentos que cumpran co disposto nesta disposición e se asignen a municipios que:

- a) Cumpran co establecido na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril,*
- b) ou ben, non cumprindo o establecido na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, o investimento non comporte gastos de mantemento e así quede acreditado no seu Plan económico-financieiro convenientemente aprobado.*

4. Que o investimento permita durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e débeda pública por parte da Corporación local. A tal fin valorarase, o gasto de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que xere o investimento durante a súa vida útil.

5. A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigacións económicas derivadas do investimento executado deberao realizar a Corporación local antes da finalización do exercicio de aplicación da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

No entanto, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2014, a parte restante do gasto comprometido en 2014 poderase recoñecer no exercicio 2015 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2014 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incurrir en déficit ao final do exercicio 2015.

6. O expediente de gasto que se tramite incorporará unha memoria económica específica, subscrita polo presidente da Corporación local, ou a persoa da Corporación local en quen delegue, na que se conterá a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Corporación local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao Pleno da Corporación local do grao de cumprimento dos criterios establecidos nos apartados anteriores e farase público no seu portal web.



**O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

7. Sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, se o informe do interventor da Corporación local ao que se refire o apartado anterior fose desfavorable, o interventor remitirao ao órgano competente da administración pública que teña atribuída a tutela financeira da Corporación local.

8. O interventor da Corporación local informará o Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados en aplicación do establecido nesta disposición.»

Na Deputación da Coruña as magnitudes de fin de exercicio 2016 e as previsións actuais proxectadas a 31 de decembro de 2017 pon de manifesto que o superávit orzamentario (por operacións non financeiras) do exercicio 2016 ascendeu a 70.198.259,56€, ao que debe darse o destino establecido nas normas de estabilidade orzamentaria, e que é previsible o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite ao endebedamento financeiro, nas condicións estimadas, durante o exercicio 2017, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do fondo de continxencia dotado para o exercicio.

V.- CONSIDERACIÓNS FINAIS.

Á información comentada nos apartados anteriores deben engadirse as seguintes consideracións:

- A Deputación provincial vén cumprindo os obxectivos contidos na normativa sobre “morosidade” nas operacións mercantís.
- A situación da Tesourería provincial ilústrase no arqueo a 30 de setembro que expresa unhas existencias en fondos líquidos de 180.374.077,18 €
- A evolución dos ingresos e gastos provinciais permite afirmar que se cumprirá o obxectivo de “estabilidade orzamentaria” e que se superará o límite da regra do gasto na proxección estimada a 31/12/2017. Este incumprimento da “regra do gasto” será consecuencia fundamentalmente da utilización do Remanente de Tesourería do ano 2016 como fonte de financiamento dos remanentes de crédito do propio exercicio 2016.
- Os importes que se han devolver como consecuencia das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009 polos tributos cedidos do Estado e polo *Fondo Complementario de Financiamento*, presentan a evolución durante o exercicio 2017 que se pon de manifesto a continuación:

CONCEPTO	DÉBEDA INICIAL ANO 2017	IMPORTE QUE SE HA REINTEGRAR ANO 2017	PENDENTE DEVOLUCIÓN A 31/12/2017
Liquidación 2008	6.077.461,45	405.164,10	5.672.297,37
Liquidación 2009	25.755.082,30	1.717.005,49	24.038.076,81
TOTAL	31.832.543,75	2.122.169,59	29.710.374,18



**O PRESIDENTE
DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

- No Orzamento do exercicio 2017 consígnase unha dotación de 3.530.000,00€ destinada á constitución do fondo de continxencia.

VI.- PROPOSTA DE ACORDO.

En virtude de todo o exposto considérase procedente formular a seguinte proposta de acordo ao Pleno provincial, previo ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de setembro de 2017, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2017, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da regra do gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con remanente de tesourería do exercicio 2016 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

A Coruña, 10 de outubro de 2017

O PRESIDENTE,

Valentín González Formoso



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA
ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I

***Informe sobre a Execución Orzamentaria e
Proxección a 31 de decembro***

SETEMBRO 2017



SERVIZO DE ORZAMENTOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA
A CONCELLOS

Sección I

INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30 DE SETEMBRO DE 2017 E PROXECCIÓN A 31 DE DECEMBRO

OBXECTIVO E ALCANCE

A través do presente documento que se eleva ao Pleno da Corporación provincial, achéganse diversos datos orzamentarios e contables reais a 30 de setembro e proxectados (estimados) a 31 de decembro, que permitirán, para ambos os dous momentos do tempo:

- Analizar o grao de execución orzamentaria
- Comprobar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, e
- Verificar o cumprimento da regra do gasto

Así mesmo, os datos sobre a débeda viva e sobre as existencias en Tesourería, complementarán a información necesaria para unha valoración xeral da situación económico-financeira da Deputación.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA

1. Estados de ejecución orzamentaria a 30/09/2017 (Resumos por capítulos)
 - a. Estados de ejecución de gastos e ingresos, de exercicio corrente e exercicios cerrados
 - b. Estados comparativos da ejecución orzamentaria de exercicio corrente a 30/09 dos exercicios 2016 e 2017
2. Proxección de ejecución orzamentaria a 31/12/2017 segundo criterios do Sistema Europeo de Contas (SEC-95)
3. Proxección da débeda contraída co Estado polas liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009
4. Avaliación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria
 - a. Estabilidade orzamentaria con datos reais a 30/09/2017 e proxección a 31/12/2017
 - b. Obxectivo da regra de gasto con información orzamentaria a 30/09/2017 e estimación a 31/12/2017
5. Acta de arqueo a 30/09/2017

RESUMO DA INFORMACIÓN ACHEGADA

Da información que acompaña ao presente escrito pódense obter as seguintes conclusións:

1. Execución orzamentaria a 30 de setembro e comparativa 2016-2017

- a. *Orzamento de gastos*: Os niveis de ejecución do orzamento de gastos foron superiores aos realizados no mesmo período no exercicio 2016, representando un 33,52 % en 2017 fronte a un 27,24 en 2016.
- b. *Orzamento de ingresos*: En relación co orzamento de ingresos, os niveis de ejecución foron superiores aos realizados no mesmo período no exercicio 2016, o 79,94 % en 2017 fronte a un 78,99 % en 2016.

2. Proxección de execución orzamentaria a 31 de decembro. Estimación con criterios do SEC-95

- a. *Orzamento de gastos*: A estimación realizada sen axustes daríanos unha execución orzamentaria en gastos a 31 de decembro dun 49,54 % sobre os créditos definitivos do Orzamento 2017.
- b. *Orzamento de ingresos*: A proxección da execución de ingresos a 31 de decembro segundo criterios SEC dános unha porcentaxe do 104,29 % respecto das previsións definitivas do Orzamento 2017.

3. Proxección da débeda contraída co Estado polas liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009

Os importes que se han devolver como consecuencia das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009 polos tributos cedidos do Estado e polo Fondo Complementario de Financiamento, terán durante o exercicio 2017 a evolución que se pon de manifesto a continuación:

CONCEPTO	PENDENTE DEVOLUCIÓN A 01-01-2017	IMPORTE QUE SE HA REINTEGRAR ANO 2017	PENDENTE DEVOLUCIÓN A 31-12-2017
Liquidación 2008	6.077.461,45	- 405.164,10	5.672.297,35
Liquidación 2009	25.755.082,30	- 1.717.005,49	24.038.076,810
TOTAL	31.832.543,75	-2.122.169,59	29.710.374,16

4. Avaliación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria

Na documentación que se acompaña a este informe recóllense os cadros co calculo do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto o cal conclúe co seu previsible cumprimento a 31 de decembro do obxectivo de estabilidade e a superación do límite de gasto que resulta da aplicación da denominada “regra do gasto”. O previsible incumprimento da “regra do gasto” coa proxección efectuada a 31 de decembro de 2017 require das seguintes consideracións:

- a. É consecuencia en primeiro termo do nivel de execución do gasto provincial nos exercicios anteriores que da lugar a necesidade de incorporar os remanentes de crédito correspondentes e financiar a dita incorporación co Remanente de Tesourería a 31/12/2016, que ten a súa orixe precisamente nos remanentes de crédito xerados.
- b. Estas circunstancias maniféstanse polas modificacións de créditos tramitadas no presente exercicio:
- A Incorporación de Remanentes de Crédito aprobados pola Resolución da presidencia núm. 3.268, con data do 30/01/2017, que ascenden a 133.387.886,44 €.
 - O expediente de modificación de créditos nº1 aprobado polo Pleno Corporativo na sesión celebrada o día 24 de febreiro, que ascende a 52.839.294,21 €.
 - O expediente de modificación de créditos nº2 aprobado polo Pleno Corporativo na sesión celebrada o día 28 de abril, que ascende a 8.061.744,00 €.
 - A anulación da Incorporación de Remanentes aprobado por resolución da Presidencia nº 20123 de data 22/06/2017, modificada por resolución da presidencia nº 21657 de data 03/07/2017 por importe de 1.455.771,35€.
 - O expediente de modificación de créditos nº3 aprobado polo Pleno Corporativo na sesión celebrada o día 08 de xuño, que ascende a 28.279.739,15 €.
- c. É resultado das estimacións realizadas sobre a previsible evolución dos ingresos e gastos provinciais tendo en conta a media de execución dos tres últimos exercicios e polo tanto pode experimentar desviacións pola efectiva execución de ingresos e gastos no exercicio
- d. En todo caso, resulta necesario adoptar as accións preventivas e correctivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de aplicación contidas nos artigos 18 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5. Existencias en caixa e bancos

As existencias en caixa e bancos a 30 de setembro, reflectidas no arqueo contable, ascenden a 180.374.0770,18 €

A Coruña, 18 de outubro de 2017

O interventor

José Manuel Pardellas Rivera

1. ESTADOS DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30/09/2017 (RESUMOS POR CAPÍTULO)

1. a. ESTADOS DE EXECUCIÓN DE GASTOS E INGRESOS, EJERCICIO CORRENTE E EJERCICIOS CERRADOS

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2016 HASTA 30/9/2016

Clasificación Capítulos	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Créditos Iniciales	Modificaciones	Créditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados	Reintegros de Gastos	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución
1	GASTOS DE PERSOAL	39.839.503,89	484.061,00	40.323.564,89	22.274.239,90	22.274.585,01	345,11	22.274.239,90		18.049.324,99
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	22.545.924,35	8.158.090,19	30.704.014,54	11.704.385,51	10.877.462,73	667,20	10.876.795,53	827.589,98	18.999.629,03
3	GASTOS FINANCIEROS	20.000,00	32.851,56	52.851,56	33.906,85	33.906,85		33.906,85		18.944,71
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	45.857.965,76	18.034.880,39	63.892.846,15	26.940.039,92	26.370.604,97		26.370.604,97	569.434,95	36.952.806,23
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.512.000,00		3.512.000,00						3.512.000,00
	Total de operaciones corrientes:	111.775.394,00	26.709.883,14	138.485.277,14	60.952.572,18	59.556.559,56	1.012,31	59.555.547,25	1.397.024,93	77.532.704,96
6	INVESTIMENTOS REAIS	22.402.870,00	31.113.726,49	53.516.596,49	7.032.458,12	7.017.323,03		7.017.323,03	15.135,09	46.484.138,37
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19.355.000,00	97.786.171,48	117.141.171,48	14.209.269,35	13.905.266,31		13.905.266,31	304.003,04	102.931.902,13
8	ACTIVOS FINANCIEROS	22.065.771,00	5.133.526,04	27.199.297,04	9.416.751,32	9.319.405,19		9.319.405,19	97.346,13	17.782.545,72
	Total de operaciones de capital:	63.823.641,00	134.033.424,01	197.857.065,01	30.658.478,79	30.241.994,53		30.241.994,53	416.484,26	167.198.586,22
	Suma	175.599.035,00	160.743.307,15	336.342.342,15	91.611.050,97	89.798.554,09	1.012,31	89.797.541,78	1.813.509,19	244.731.291,18

7 P

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2017 HASTA 30/9/2017

Clasificación Capítulos	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Créditos Iniciales	Modificaciones	Créditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados	Reintegros de Gastos	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución
1	GASTOS DE PERSOAL	39.318.562,60	112.694,70	39.431.257,30	23.190.268,22	23.190.048,22		23.190.048,22	220,00	16.240.989,08
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS	25.096.416,08	12.116.293,45	37.212.709,53	14.399.053,40	14.107.578,65	490,21	14.107.088,44	291.964,96	22.813.656,13
3	GASTOS FINANCIEROS	20.000,00	341,84	20.341,84	7.916,69	7.916,69		7.916,69		12.425,15
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	48.463.687,82	35.475.018,50	83.938.706,32	45.770.779,30	45.391.721,53		45.391.721,53	379.057,77	38.167.927,02
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.530.000,00		3.530.000,00						3.530.000,00
	Total de operaciones corrientes:	116.428.666,50	47.704.348,49	164.133.014,99	83.368.017,61	82.697.265,09	490,21	82.696.774,88	671.242,73	80.764.997,38
6	INVESTIMENTOS REAIS	17.888.562,50	36.772.237,78	54.660.800,28	8.514.434,64	8.434.660,97		8.434.660,97	79.773,67	46.146.365,64
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	20.117.000,00	103.733.430,51	123.850.430,51	26.173.293,61	24.326.042,03		24.326.042,03	1.847.251,58	97.677.136,90
8	ACTIVOS FINANCIEROS	22.080.771,00	7.673.146,33	29.753.917,33	6.766.229,18	6.651.351,21		6.651.351,21	114.877,97	22.987.688,15
	Total de operaciones de capital:	60.086.333,50	148.178.814,62	208.265.148,12	41.453.957,43	39.412.054,21		39.412.054,21	2.041.903,22	166.811.190,69
	Suma	176.515.000,00	195.883.163,11	372.398.163,11	124.821.975,04	122.109.319,30	490,21	122.108.829,09	2.713.145,95	247.576.188,07

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2016 HASTA 30/9/2016

Clasificación Capítulos	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Créditos Iniciales	Modificaciones	Créditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados	Reintegros de Gastos	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución
1	GASTOS DE PERSOAL	39.839.503,89	342.187,00	40.181.690,89	22.274.239,90	22.274.585,01	345,11	22.274.239,90		17.907.450,99
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	22.545.924,35	4.922.223,93	27.468.148,28	9.964.246,82	9.144.327,42	667,20	9.143.660,22	820.566,60	17.503.901,46
3	GASTOS FINANCEIROS	20.000,00	26.341,84	46.341,84	27.397,13	27.397,13		27.397,13		18.944,71
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	45.857.965,76	2.869.928,23	48.727.893,99	16.259.867,54	16.071.082,12		16.071.082,12	188.785,42	32.468.026,45
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.512.000,00		3.512.000,00						3.512.000,00
	Total de operaciones corrientes:	111.775.394,00	8.160.681,00	119.936.075,00	48.525.751,39	47.517.391,68	1.012,31	47.516.379,37	1.009.372,02	71.410.323,61
6	INVESTIMENTOS REAIS	22.402.870,00	7.731.765,16	30.134.635,16	3.946.460,82	3.931.325,73		3.931.325,73	15.135,09	26.188.174,34
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19.355.000,00	67.081.562,81	86.436.562,81	3.186.315,47	3.054.014,69		3.054.014,69	132.300,78	83.250.247,34
8	ACTIVOS FINANCEIROS	22.065.771,00		22.065.771,00	7.530.848,32	7.530.848,32		7.530.848,32		14.534.922,68
	Total de operaciones de capital:	63.823.641,00	74.813.327,97	138.636.968,97	14.663.624,61	14.516.188,74		14.516.188,74	147.435,87	123.973.344,36
	Suma	175.599.035,00	82.974.008,97	258.573.043,97	63.189.376,00	62.033.580,42	1.012,31	62.032.568,11	1.156.807,89	195.383.667,97



DIPUTACION DE LA CORUÑA
PRESUPUESTO DE INGRESOS

2016

Fecha Obtención 04/10/2016 12:25:29
Pág. 1

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2016 HASTA 30/9/2016

Clasificación CAPÍTULO :	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Previsiones Iniciales	Modificaciones	Previsiones Definitivas	Derechos Netos	Der/Prev	Ingresos Realizados	Devoluciones de Ingresos	Recaudación Líquida	Rec/Der	Pendiente de Cobro	Estado de Ejecución
1	IMPOSTOS DIRECTOS	16.113.432,58		16.113.432,58	13.029.763,21	80,86	12.012.273,80	31.462,97	11.980.810,83	91,95	1.048.952,38	-3.083.669,37
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	14.396.701,53		14.396.701,53	11.660.779,02	81,00	10.850.293,85	377.328,58	10.472.965,27	89,81	1.187.813,75	-2.735.922,51
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	10.519.620,98		10.519.620,98	9.018.244,82	85,73	8.806.034,85	1.811,41	8.804.223,44	97,63	214.021,38	-1.501.376,16
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	131.814.277,44	1.462.680,15	133.276.957,59	110.269.443,20	82,74	104.337.535,52	5.849.560,12	98.487.975,40	89,32	11.781.467,80	-23.007.514,39
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	710.248,65		710.248,65	502.003,75	70,68	502.003,75		502.003,75	100,00		-208.244,90
	Total de operaciones corrientes:	173.554.281,18	1.462.680,15	175.016.961,33	144.480.234,00	82,55	136.508.141,77	6.260.163,08	130.247.978,69	90,15	14.232.255,31	-30.536.727,33
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	1.569.708,00		1.569.708,00	1.099,05	0,07	100,00		100,00	9,10	999,05	-1.568.608,95
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		6.409.606,45	6.409.606,45	-53.285,46	-0,83	3.947,27	83.404,74	-79.457,47	149,12	26.172,01	-6.462.891,91
8	ACTIVOS FINANCIEROS	475.045,82	152.871.020,55	153.346.066,37	497.733,00	0,32	497.733,00		497.733,00	100,00		-152.848.333,37
	Total de operaciones de capital:	2.044.753,82	159.280.627,00	161.325.380,82	445.546,59	0,28	501.780,27	83.404,74	418.375,53	93,90	27.171,06	-160.879.834,23
	Suma	175.599.035,00	160.743.307,15	336.342.342,15	144.925.780,59	43,09	137.009.922,04	6.343.567,82	130.666.354,22	90,16	14.259.426,37	-191.416.561,56

DEPUTACIÓN DA CORUÑA
PRESUPUESTO DE INGRESOS

2017

Fecha Obtención 03/10/2017 10:41:15

Pág. 1

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2017 HASTA 30/9/2017

Clasificación CAPÍTULO :	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Previsiones Iniciales	Modificaciones	Previsiones Definitivas	Derechos Netos	Der/Prev	Ingresos Realizados	Devoluciones de Ingresos	Recaudación Líquida	Rec/Der	Pendiente de Cobro	Estado de Ejecución
1	IMPOSTOS DIRECTOS	16.554.058,91		16.554.058,91	13.949.045,80	84,26	11.046.874,93	28.246,42	11.018.628,51	78,99	2.930.417,29	-2.605.013,11
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	14.253.764,85		14.253.764,85	11.348.310,52	79,62	10.145.113,97	211.104,21	9.934.009,76	87,54	1.414.300,76	-2.905.454,33
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	9.216.441,87		9.216.441,87	8.196.088,18	88,93	7.755.664,95	5.180,88	7.750.484,07	94,56	445.604,11	-1.020.353,69
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	135.782.239,50	997.739,83	136.779.979,33	112.613.876,64	82,33	101.616.035,89	1.459.620,60	100.156.415,29	88,94	12.457.461,35	-24.166.102,69
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	375.244,87		375.244,87	71.622,56	19,09	71.622,56		71.622,56	100,00		-303.622,31
	Total de operaciones corrientes:	176.181.750,00	997.739,83	177.179.489,83	146.178.943,70	82,50	130.635.312,30	1.704.152,11	128.931.160,19	88,20	17.247.783,51	-31.000.546,13
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	134.400,00		134.400,00	320.537,08	238,49	65.095,15		65.095,15	20,31	255.441,93	186.137,08
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		6.565.763,65	6.565.763,65	47.183,35	0,72					47.183,35	-6.518.580,30
8	ACTIVOS FINANCIEROS	198.850,00	188.319.659,63	188.518.509,63	603.235,63	0,32	599.897,68	117,80	599.779,88	99,43	3.455,75	-187.915.274,00
	Total de operaciones de capital:	333.250,00	194.885.423,28	195.218.673,28	970.956,06	0,50	664.992,83	117,80	664.875,03	68,48	306.081,03	-194.247.717,22
	Suma	176.515.000,00	195.883.163,11	372.398.163,11	147.149.899,76	39,51	131.300.305,13	1.704.269,91	129.596.035,22	88,07	17.553.864,54	-225.248.263,35

GASTOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS			PAGOS ORDENADOS			PAGOS ORDENADOS	PAGOS REALIZADOS
	CAPITULOS ECONOMICOS	INICIALES	MODIFICACIONES	DEFINITIVOS	INICIALES	MODIFICACIONES		
1.- GASTOS DE PERSONAL	0,00	0,00	0,00	82,19	0,00	82,19	0,00	82,19
2.- GASTOS EN BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS	18.125,00	0,00	18.125,00	269.597,04	0,00	269.597,04	7.325,00	276.922,04
3.- GASTOS FINANCIEROS	0,00	0,00	0,00	4.465,73	0,00	4.465,73	0,00	4.465,73
4.- TRANSFERENCIAS CORRIENTES	26.822,21	0,00	26.822,21	494.894,65	-4.286,84	490.607,81	10.073,50	324.131,19
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	44.947,21	0,00	44.947,21	769.039,61	-4.286,84	764.752,77	17.398,50	605.601,15
6.- INVERSIONES REALES	215.409,69	0,00	215.409,69	48.736,96	0,00	48.736,96	0,00	48.736,96
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	100.954,57	-9.765,60	91.188,97	708.236,44	0,00	708.236,44	91.188,97	647.801,81
TOTAL OPERACIONES CAPITAL	316.364,26	-9.765,60	306.598,66	756.973,40	0,00	756.973,40	91.188,97	696.538,77
TOTAL CAPITULOS	361.311,47	-9.765,60	351.545,87	1.526.013,01	-4.286,84	1.521.726,17	108.587,47	1.302.139,92

A CORUÑA, a 30 de septiembre de 2017

EL JEFE DE CONTABILIDAD



EL INTERVENTOR



EL PRESIDENTE



INGRESOS CAPITULOS ECONOMICOS	DERECHOS LIQUIDADOS			DERECHOS ANULADOS	DERECHOS CANCELADOS	INGRESOS REALIZADOS	PENDIENTE DE COBRO
	INICIALES	MODIFICACIONES	DEFINITIVAS				
1.- IMPUESTOS DIRECTOS	1.923.760,75	2,29	1.923.763,04	8.876,75	25.915,95	1.004.744,98	884.225,36
2.- IMPUESTOS INDIRECTOS	1.187.813,75	0,00	1.187.813,75	0,00	0,00	1.187.813,75	0,00
3.- TASAS Y OTROS INGRESOS	1.260.335,28	-65.304,83	1.195.030,45	508,59	13.405,85	190.490,88	990.625,13
4.- TRANSFERENCIAS CORRIENTES	11.781.467,80	0,00	11.781.467,80	0,00	0,00	11.781.467,80	0,00
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	16.153.377,58	-65.302,54	16.088.075,04	9.385,34	39.321,80	14.164.517,41	1.874.850,49
6.- ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	1.650.115,00	0,00	1.650.115,00	0,00	0,00	21.773,16	1.628.341,84
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	371.727,33	0,00	371.727,33	0,00	0,00	84.273,86	287.453,47
TOTAL OPERACIONES CAPITAL	2.021.842,33	0,00	2.021.842,33	0,00	0,00	106.047,02	1.915.795,31
TOTAL CAPITULOS	18.175.219,91	-65.302,54	18.109.917,37	9.385,34	39.321,80	14.270.564,43	3.790.645,80

A CORUÑA, a 30 de septiembre de 2017


EL JEFE DE CONTABILIDAD



EL INTERVENTOR




EL PRESIDENTE



**1. b. ESTADOS COMPARATIVOS DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DE EJERCICIO CORRENTE A 30 DE SETEMBRO
EXERCICIOS 2016 Y 2017**


COMPARATIVA 2016 - 2017. EXECUÇÃO SETEMBRO
ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULOS	EXERCÍCIO 2016			EXERCÍCIO 2017			VARIACIÓN % EXECUCIÓN
	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGACIONES RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGACIONES RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	
1.- GASTOS DE PESSOAL	40.323.564,89	22.274.239,90	55,24	39.431.257,30	23.190.268,22	58,81	3,57
2.- GTOS.BENS CORRENTES E SERVICIOS	30.704.014,54	11.704.385,51	38,12	37.212.709,53	14.399.053,40	38,69	0,57
3.- GASTOS FINANCEIROS	52.851,56	33.906,85	64,15	20.341,84	7.916,69	38,92	-25,24
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	63.892.846,15	26.940.039,92	42,16	83.938.706,32	45.770.779,30	54,53	12,36
5.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.512.000,00	0,00	0,00	3.530.000,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIONES CORRENTES	138.485.277,14	60.952.572,18	44,01	164.133.014,99	83.368.017,61	50,79	6,78
6.- INVESTIMENTOS REAIS	53.516.596,49	7.032.458,12	13,14	54.660.800,28	8.514.434,64	15,58	2,44
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	117.141.171,48	14.209.269,35	12,13	123.850.430,51	26.173.293,61	21,13	9,00
8.- ACTIVOS FINANCEIROS	27.199.297,04	9.416.751,32	34,62	29.753.917,33	6.766.229,18	22,74	-11,88
9.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIONES DE CAPITAL	197.857.065,01	30.658.478,79	15,50	208.265.148,12	41.453.957,43	19,90	4,41
TOTAIS	336.342.342,15	91.611.050,97	27,24	372.398.163,11	124.821.975,04	33,52	6,28




COMPARATIVA 2016 - 2017. EXECUÇÃO SETEMBRO
ORZAMENTO DE GASTOS. REMANENTES INCORPORADOS

CAPÍTULOS	EXERCÍCIO 2016			EXERCÍCIO 2017			VARIACIÓN % EXECUCIÓN
	CRÉDITOS INCORPORADOS	OBRIGACIONES RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	CRÉDITOS INCORPORADOS	OBRIGACIONES RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	
1.- GASTOS DE PESSOAL	141.874,00	0,00	0,00	94.683,70	0,00	0,00	0,00
2.- GTOS.BENS CORRENTES E SERVICIOS	3.235.866,26	1.740.138,69	53,78	4.300.133,98	2.668.736,68	62,06	8,29
3.- GASTOS FINANCEIROS	6.509,72	6.509,72	100,00	0,00	0,00	0,00	0,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	15.164.952,16	10.680.172,38	70,43	20.189.810,20	14.495.710,82	71,80	1,37
5.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIONES CORRENTES	18.549.202,14	12.426.820,79	66,99	24.584.627,88	17.164.447,50	69,82	2,82
6.- INVESTIMENTOS REAIS	23.381.961,33	3.085.997,30	13,20	24.507.420,49	5.155.570,67	21,04	7,84
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	30.704.608,67	11.022.953,88	35,90	76.846.350,96	22.916.680,17	29,82	-6,08
8.- ACTIVOS FINANCEIROS	5.133.526,04	1.885.903,00	0,00	5.993.715,76	2.161.052,80	0,00	0,00
9.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIONES DE CAPITAL	59.220.096,04	15.994.854,18	27,01	107.347.487,21	30.233.303,64	28,16	1,15
TOTAIS	77.769.298,18	28.421.674,97	36,55	131.932.115,09	47.397.751,14	35,93	-0,62



COMPARATIVA 2016 - 2017. EXECUCIÓN SETEMBRO
ORZAMENTO DE GASTOS. EXCEPTO REMANENTES INCORPORADOS


CAPÍTULOS	EXERCICIO 2016			EXERCICIO 2017			VARIACIÓN % EXECUCIÓN
	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGACIONES RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGACIONES RECOÑECIDAS	% EXECUCIÓN	
1.- GASTOS DE PERSOAL	40.181.690,89	22.274.239,90	55,43	39.336.573,60	23.190.268,22	58,95	3,52
2.- GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	27.468.148,28	9.964.246,82	36,28	32.912.575,55	11.730.316,72	35,64	-0,63
3.- GASTOS FINANCIEROS	46.341,84	27.397,13	59,12	20.341,84	7.916,69	38,92	-20,20
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	48.727.893,99	16.259.867,54	33,37	63.748.896,12	31.275.068,48	49,06	15,69
5.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.512.000,00	0,00	0,00	3.530.000,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIÓNS CORRENTES	119.936.075,00	48.525.751,39	40,46	139.548.387,11	66.203.570,11	47,44	6,98
6.- INVESTIMENTOS REAIS	30.134.635,16	3.946.460,82	13,10	30.153.379,79	3.358.863,97	11,14	-1,96
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	86.436.562,81	3.186.315,47	3,69	47.004.079,55	3.256.613,44	6,93	3,24
8.- ACTIVOS FINANCIEROS	22.065.771,00	7.530.848,32	34,13	23.760.201,57	4.605.176,38	19,38	-14,75
9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	138.636.968,97	14.663.624,61	10,58	100.917.660,91	11.220.653,79	11,12	0,54
TOTAIS	258.573.043,97	63.189.376,00	24,44	240.466.048,02	77.424.223,90	32,20	7,76



**COMPARATIVA 2016 - 2017. EXECUCIÓN SETEMBRO
ORZAMENTO DE INGRESOS**

CAPÍTULOS	EXERCICIO 2016			EXERCICIO 2017			VARIACIÓN % EXECUCIÓN
	PREVISIÓNS DEFINITIVAS	DEREITOS LIQUIDADOS	% EXECUCIÓN	PREVISIÓNS DEFINITIVAS	DEREITOS LIQUIDADOS	% EXECUCIÓN	
1.- IMPOSTOS DIRECTOS	16.113.432,58	13.029.763,21	80,86	16.554.058,91	13.949.045,80	84,26	3,40
2.- IMPOSTOS INDIRECTOS	14.396.701,53	11.660.779,02	81,00	14.253.764,85	11.348.310,52	79,62	-1,38
3.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	10.519.620,98	9.018.244,82	85,73	9.216.441,87	8.196.088,18	88,93	3,20
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	133.276.957,59	110.269.443,20	82,74	136.779.979,33	112.613.876,64	82,33	-0,40
5.- INGRESOS PATRIMONIAIS	710.248,65	502.003,75	70,68	375.244,87	71.622,56	19,09	-51,59
TOTAL DE OPERACIÓNS CORRENTES	175.016.961,33	144.480.234,00	82,55	177.179.489,83	146.178.943,70	82,50	-0,05
6.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	1.569.708,00	1.099,05	0,00	134.400,00	320.537,08	0,00	0,00
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.409.606,45	-53.285,46	-0,83	6.565.763,65	47.183,35	0,72	1,55
